



S-RR.HH.

JLSM/ags

DECRETO.- Ourense, 6 de xuño de 2017.

Unha vez visto o escrito que presenta don José Jesús Cudeiro Mazaira solicitando a prolongación da permanencia no servizo activo ao amparo do disposto nos artigos 31 e 68 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia.

Unha vez visto o informe xurídico do Vicesecretario Xeral desta Deputación que literalmente dí o seguinte:

**“- ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro:** Con data 10.03.2017 e NRE 6918 D. José Jesús Cudeiro Mazaira presentou escrito dirixido á Presidencia desta Deputación no que solicita a prolongación da permanencia no servizo activo a partir da data prevista para a súa xubilación forzosa.

**Segundo:** Con data 13.03.2017 a directora xeral de Recursos Humanos da Deputación solicita da secretaría xeral informe xurídico sobre a procedencia de dita solicitude.

**Terceiro:** O solicitante, D. José Jesús Cudeiro Mazaira, foi nomeado como persoal eventual, coa categoría de “asesor técnico da presidencia”, asimilado ao grupo A1, por decreto de data 23.01.2013 (BOP núm. 29 de data 04.02.2013).

**- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

**PRIMEIRO:** A **lexislación aplicable** vén constituída pola *Lei 7/1985, reguladora das bases do Réxime Local (LRBRL)*, o *RD Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local (TRRL)*, *Real Decreto Lexislativo 5/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto básico do empregado Público (TRLEBEP)*, a *Lei 2/2015, do emprego público de Galicia (LEPG)*, e o *vixente plan de ordenación de recursos humanos da Deputación de Ourense (BOP núm. 38 de data 17.02.2016)*.

**SEGUNDO:** Como punto de partida debemos significar que ao **persoal eventual**, como é o caso, lle será de aplicación, no que sexa axeitado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira (*artigo 12.5 TREBEP e artigo 31.1 LEPG*).

A este respecto, o **artigo 67.3 do TRLEBEP** dispón que “...*La jubilación forzosa se declarará de oficio al cumplir el funcionario los sesenta y cinco años de edad. No obstante, en los términos de las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto, se podrá solicitar la prolongación de la permanencia en el servicio activo como máximo hasta que se cumpla setenta años de edad. La Administración Pública*”



*competente deberá de resolver de forma motivada la aceptación o denegación de la prolongación...”.*

Pola súa banda, o **artigo 68.3 e 4 da LEPG** concreta que “...La jubilación forzosa del personal funcionario se declarará de oficio al cumplir la persona la edad legalmente establecida. Pese a lo previsto en el apartado anterior, el personal funcionario puede solicitar, con una antelación mínima de tres meses y máxima de cuatro meses a la fecha en la que cumpla la edad de jubilación forzosa, la prolongación de la permanencia en la situación de servicio activo. Esta prolongación se concederá, en su caso, por períodos de un año, renovables anualmente a solicitud de la persona interesada presentada con un plazo de antelación mínimo de tres meses y máximo de cuatro meses a la fecha de finalización de la prolongación concedida, hasta el cumplimiento de la edad máxima legalmente establecida.

Las solicitudes de prolongación de la permanencia en la situación de servicio activo y de sus prórrogas se resolverán de forma motivada, previo informe del órgano competente en materia de personal de la Administración pública en la que el solicitante preste servicios, con base en los siguientes criterios:

a) Razones organizativas o funcionales.

b) Resultados de la evaluación del desempeño de la persona solicitante o, en su defecto, rendimiento o resultados obtenidos por la misma. En particular, se tendrá en cuenta el absentismo observado durante el año inmediatamente anterior a la fecha de la solicitud.

c) Capacidad psicofísica de la persona solicitante en relación con el puesto de trabajo, apreciada mediante certificado de aptitud médico-laboral para el puesto de trabajo, emitido por el correspondiente servicio de prevención de riesgos laborales, previo reconocimiento médico del solicitante y evaluación del puesto de trabajo.

El informe del órgano competente en materia de personal de la Administración pública en la que el solicitante preste servicios se emitirá en un plazo máximo de diez días. Transcurrido dicho plazo sin que se haya emitido el informe, proseguirá el procedimiento. En todo caso, se tendrá en cuenta el plan de ordenación de recursos humanos respecto de aquel personal para el cual su normativa específica así lo establezca. La persona titular de la consejería competente en materia de función pública así como las personas titulares de los órganos competentes de las demás administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden dictar normas complementarias de procedimiento para la tramitación de las solicitudes de prolongación de la permanencia en la situación de servicio activo y de sus prórrogas.

*Este apartado no es de aplicación al personal funcionario de aquellos cuerpos y escalas que tengan normas específicas de jubilación de acuerdo con lo dispuesto en la legislación básica estatal...”.*

O vixente plan de recursos humanos da Deputación de Ourense (BOP núm. 38 de data 17.02.2016) establece o seguinte no seu **apartado cuarto**, relativo ás normas sobre concesión de prórroga do servizo activo a persoal funcionario que exceda dos sesenta e cinco anos de idade:



A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ó cumprir a persoa a idade legalmente establecida. Non obstante o anterior, o persoal funcionario poderá solicitar, cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo, ata o cumprimento da idade máxima legalmente establecida, que se concederá, no seu caso, por períodos dun ano renovables anualmente a solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses á data de finalización da prolongación concedida. Se non presentara solicitude en prazo, declararase de oficio a xubilación forzosa.

A aceptación ou denegación destas solicitudes resolverase de forma motivada sobre a base dalgúns dos criterios seguintes:

a) Resultados da avaliación do desempeño da persoa solicitante, conforme ao establecido no artigo 68.4 da Lei de Emprego Público de Galicia.

b) Capacidade psicofísica da persoa solicitante, acreditada conforme ao establecido no artigo 68.4.c) da Lei de Emprego Público de Galicia.

c) A existencia de razóns organizativas que determinen a denegación da prórroga do servizo activo.

A estes efectos, decláranse como razóns organizativas determinantes da denegación da prórroga do servizo activo as seguintes:

- A non necesidade do posto para a normal realización das funcións correspondentes á unidade administrativa na que se encadre. A dita circunstancia deberá acreditarse mediante informe detallado emitido polo director da Área correspondente, ou, no seu defecto, polo director do centro, servizo ou unidade de que se trate, sen prexuízo da incorporación ao expediente de cantos informes adicionais se consideren convenientes.

No suposto en que a solicitude de prórroga sexa denegada por esta razón, o posto deberá ser suprimido na primeira modificación da RPT que se tramite, e ata tanto non se leve a efecto a supresión, non poderá ser obxecto de provisión temporal ou definitiva por ningún medio.

- A existencia, no cadro de persoal da Deputación, de persoal capacitado para o desempeño do dito posto ou para a asunción efectiva das súas funcións, sen necesidade de incorporar a persoal de novo ingreso, temporal ou interino. Esta circunstancia acreditarase mediante informe do Xefe do Servizo de Recursos Humanos.

- A previsión da supresión do posto, ou da unidade administrativa na que se integre, na Relación de Postos de Traballo vixente.

Procederá tamén a xubilación dos funcionarios en situación de prórroga do servizo activo, previa instrución de expediente que poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa funcionaria interesada, cando se declare a incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, ben por inutilidade física o psíquica ou por diminución apreciable das súas facultades.

En calquera caso, será preceptiva a audiencia no expediente do interesado.

**TERCEIRO:** Da normativa anteriormente transcrita resulta claro que o **TRLEBEP** permite a **prolongación da permanencia na situación de servizo activo unha vez cumprida a idade de xubilación forzosa, nos termos que sinale a normativa autonómica** de aplicación. Como vimos, a LEPG regula este asunto no **artigo 64** nos termos indicados, e a súa vez este precepto é desenvolvido nas normas aprobadas por esta Deputación no seu **plan de ordenación de recursos humanos**.



Compre traer a colación a **STS de data 11.11.2015**, recurso 3246, na cal o TS conclúe que os plan de recursos humanos son instrumentos válidos para regular a prolongación no servizo activo aínda que non exista norma regulamentaria, indicando que *"...el PORH es un instrumento idóneo para justificar en su caso la prórroga en el servicio activo, pero se trata de un acto de naturaleza esencialmente organizativa y programática. Resulta evidente que la edad de jubilación ha de establecerse por norma de rango legal, sin perjuicio, eventualmente, del desarrollo reglamentario. Por ello, las previsiones que el PORH haga de la jubilación no tienen un valor normativo, sino que lo que hacen es prever las necesidades de personal, de acuerdo con el régimen de jubilación legalmente establecido..."*

A máis recente xurisprudencia sobre este asunto, **SSTS 169/2017 e 304/2017**, ven a ratificar a plena aplicabilidade da normativa en vigor, indicando que *"...la prolongación del servicio activo prevista en el art. 67.3 del EBEP "es un derecho subjetivo condicionado a que las necesidades organizativas de la Administración hagan posible su ejercicio; pero recae sobre dicha Administración la carga de justificar esas necesidades organizativas que deben determinar la concesión o denegación de la prolongación. La obligación de la Administración de motivar en todo caso, tanto si es favorable como si no, la decisión sobre la prolongación de permanencia en servicio activo solicitada por el funcionario en función de unas necesidades de la organización, implica que las necesidades que se citen como fundamento de la decisión que se adopte sean ajustadas a la realidad y que se pruebe su existencia..."*

**CONCLUSIÓN-PROPOSTA:** visto o anterior concluímos o seguinte.

**1º. O solicitante presentou a súa solicitude da prolongación da permanencia na situación de servizo activo en tempo (antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa) e forma, e segundo o indicado no plan de ordenación de recursos humanos desta Deputación, polo que a xubilación forzosa non pode declararse de oficio.**

**2º. Corresponde á Presidencia, de xeito motivado, resolver sobre a aceptación ou denegación da solicitude, polos motivos e coa tramitación prevista nas normas do plan de ordenación de recursos humanos da deputación, en particular no que se refire ás razóns organizativas determinantes da denegación e, en todo caso, con audiencia previa ao solicitante."**

Unha vez visto que no prazo de audiencia ao interesado non formulou alegación alguna.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

1º.- Conceder a prolongación da permanencia na situación de servizo activo a don José Jesús Cudeiro Mazaira, de conformidade coas normas do plan de ordenación de recursos humanos da Deputación, con efectos do día 14 de xuño de 2017, data na que cumpre a idade de xubilación establecida pola normativa vixente.



2º.- Dita prórroga concederáse polo período dun ano, renovable anualmente a petición do interesado, cun prazo de antelación mínima de tres meses á data de finalización da prolongación concedida. Se non presentara a solicitude en prazo, declararase de oficio a xubilación forzosa.

3º.- Notificar a presente resolución ao interesado.

Mándao e asínao o Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial de Ourense, don José Manuel Baltar Blanco. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,